

ORDE DA CONSELLERÍA DE SANIDADE POLA QUE SE REGULA A MOBILIDADE VOLUNTARIA DO PERSOAL FIXO DO MODELO TRADICIONAL DE ATENCIÓN PRIMARIA

A disposición transitoria segunda do Decreto 200/1993, do 29 de xullo, de ordenación da atención primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, prevé que os postos de traballo correspondentes ao modelo tradicional de atención primaria que resulten vacantes, pasarán a ser postos do novo sistema, o que necesariamente determina a súa amortización e posterior transformación en postos do novo modelo.

Pola súa parte a disposición transitoria quinta do Decreto 206/2005, de 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, establece a posibilidade de que os profesionais fixos das categorías do modelo tradicional a que se refire a disposición transitoria primeira do Decreto 200/1993, antes citado, poidan ocupar as vacantes que se produzan de ditas categorías, conforme ao procedemento que estableza a Consellería de Sanidade, a través de convocatorias de ámbito autonómico, sen prexuízo da transformación das prazas que finalmente queden vacantes en prazas do novo modelo de atención primaria.

A presente orde vén, polo tanto, a establecer o procedemento que posibilite a mobilidade voluntaria e inmediata do persoal fixo do modelo tradicional nas prazas do citado modelo que queden vacantes.

Por todo o anterior, en uso das facultades que lle concede o Decreto 206/2005, antes citado, esta Consellería

D I S P Ó N

Artigo 1º. Obxecto

A presente orde ten por obxecto aprobar o procedemento polo que se regula a mobilidade voluntaria do persoal fixo do modelo tradicional de atención primaria para ocupa-los postos de traballo das respectivas categorías que queden vacantes, de conformidade co establecido na disposición transitoria quinta do Decreto 206/2005, do 22 de Xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde.

Artigo 2º. Normas xerais.

1. A mobilidade poderá producirse nas prazas básicas das categorías do modelo tradicional existentes na Comunidad Autónoma de Galicia que se relacionan no Anexo II desta orde, podendo solicitarse, por orde de preferencia, parte delas ou a totalidade da categoría á que se pertence.
2. Os aspirantes ás prazas que se ofertan, indicarán na súa solicitude, conforme ao modelo normalizado que figura como Anexo III, o código da praza ou prazas ás que opten, establecendo unha orde de preferencia. Os aspirantes

que non soliciten polo menos unha das prazas ofertadas da correspondente categoría, quedarán excluídos do proceso.

Asímesmo soamente se lles adxudicarán aos aspirantes as prazas expresamente solicitadas, sen que caiba a posibilidade de adxudicación doutra praza que non estivese consignada na súa solicitude.

3. A obtención dunha praza polo procedemento regulado nesta orde suporá a integración funcional do adxudicatario no novo modelo de atención primaria establecido no Decreto 200/1993, do 29 de xullo, antes citado.

Para estes efectos a integración funcional suporá a incorporación á actividade da unidade ou servizo en termos de xornada, horario e participación na actividade asistencial e prestacional.

Artigo 3º. Requisitos dos participantes.

Poderá participar neste procedemento de mobilidade voluntaria o persoal con nomeamento fixo en calquera das categorías relacionadas na disposición transitoria primeira do Decreto 200/1993, do 29 de xullo que teña destino definitivo no Servizo Galego de Saúde e se atope na situación de servizo activo ou en calquera situación que lle dea dereito á reserva de praza.

Estes requisitos deberán cumprirse o derradeiro día do prazo de presentación de solicitudes a que se refire o artigo 5.3 desta orde, e deberán manterse durante todo o tempo de vixencia do procedemento regulado na mesma.

Artigo 4º. Orde de prelación para a adxudicación das prazas.

1. As prazas serán adxudicadas aos aspirantes de acordo co baremo de méritos que se publica como Anexo I desta orde, referidos ao día de publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia.

2. En caso de empate resolverase a favor do aspirante que acredite maior tempo total de servizos prestados baremables nas institucións sanitarias dos servizos de saúde do sistema Nacional de Saúde. De persistir lo empate resolverase a favor da mellor puntuación obtida en cada un dos apartados do baremo, e pola súa orde. Por último decidirá a maior idade.

Artigo 5º. Solicitudes.

1. Cada aspirante deberá cubrir unha única solicitude, axustándose necesariamente ao modelo que figura como Anexo III desta orde, respectando estrictamente a codificación que identifica a cada praza. Serán desestimadas sen máis trámite as solicitudes que conteñan algunha emenda, marca o riscadura, tanto na instancia como nas follas de petición de prazas ou no certificado de servizos prestados o en calquera dos documentos a que se fai referencia no artigo 6, sempre que non se atopen salvadas baixo sinatura.

2. As solicitudes, que deberán dirixirse á División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde (San Lázaro s/n, 15703, Santiago de Compostela), poderán ser presentadas nos centros que se relacionan a continuación ou a través de calquera dos procedementos do artigo 38 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, advertíndose que na folla ou follas, de se-lo caso, da solicitude de admisión e de petición de prazas debe figurar o selo do rexistro, quedando os orixinais en poder da Administración e expedindo copia para os interesados:

- a) Na Consellería de Sanidade
- b) Nas Delegacións provinciais da Consellería de Sanidade
- c) Nas Direccións Provinciais do Servizo Galego de Saúde
- d) Nos servizos de persoal das Xerencias de Atención Primaria do Servizo Galego de Saúde
- e) Nos servizos de persoal dos centros ou complexos hospitalarios do Servizo Galego de Saúde.

3. O prazo de presentación da solicitude, á que deberá unirse necesariamente toda a documentación que se acompañe, será de un mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia, sen prexuízo do establecido no artigo 10 desta orde.

4. Durante o prazo de presentación de solicitudes, os aspirantes poderán retirar ou modificar as súas solicitudes mediante a presentación dunha nova, que anulará totalmente a anterior.

5. Finalizado o prazo de presentación de solicitudes e ata a finalización do prazo de reclamacións contra a resolución provisional a que se refire o artigo 8.1, os aspirantes poderán desistir da súa solicitude.

Ao aspirante que desista da súa solicitude non poderá adxudicárselle unha praza polo procedemento regulado nesta orde ata que non presente unha nova solicitude conforme ao establecido no artigo 10 desta orde.

Artigo 6º. Documentación.

Tódolos aspirantes, con carácter xeral, deberán presentar a seguinte documentación:

- I) Fotocopia do documento nacional de identidade ou do pasaporte
- II) Certificación orixinal ou copia cotexada dos servizos prestados
- III) Copia cotexada do nomeamento en propiedade na categoría
- IV) Toma de posesión da praza actualmente desempeñada

O persoal en situación de que lle dea dereito á reserva de praza, deberá presentar tamén copia da resolución correspondente

Artigo 7º. Resolución.

1. Finalizada a baremación dos méritos alegados polos aspirantes, a División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde publicará no Diario Oficial de Galicia unha resolución coas puntuacións acadadas polos aspirantes así como das prazas, por orde de preferencia, solicitadas.

Contra esta resolución os aspirantes disporán dun prazo de quince días hábiles, contado a partir do seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, para formular as reclamacións que estimen pertinentes.

2. Á vista das reclamacións presentadas, e de se-lo caso, das correccións oportunas, a División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde publicará no Diario Oficial de Galicia a resolución definitiva das puntuacións obtidas polos aspirantes e das prazas, por orde de preferencia, solicitadas. Para este efecto, a estimación ou desestimación das reclamacións presentadas entenderase implícita nesta resolución.

Artigo 8º. Adxudicación de prazas.

1. Producida unha vacante, a División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde procederá a súa adxudicación así como das resultas que se produzan, en función da orde de prelación e da preferencia contida na resolución definitiva a que se refire o artigo 7.2 e publicará no Diario Oficial de Galicia unha resolución provisional de adxudicación de prazas.

Contra esta resolución os aspirantes disporán dun prazo de quince días hábiles, contado a partir do seguinte ó da súa publicación, para formular as reclamacións que estimen pertinentes.

2. Á vista das reclamacións presentadas, e de se-lo caso, das correccións oportunas, a División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde publicará no Diario Oficial de Galicia a resolución definitiva das prazas adxudicadas. Esta resolución servirá de notificación aos interesados e, a partir dela, empezará a contarse o prazo de toma de posesión. Para este efecto, a estimación ou desestimación das reclamacións presentadas entenderase implícita nesta resolución.

3.- De conformidade co establecido na disposición transitoria quinta do Decreto 206/2005, do 22 de xullo antes citado, as prazas non adxudicadas ou que finalmente resulten vacantes, serán inmediatamente amortizadas e transformadas en prazas do novo modelo de atención primaria.

Artigo 9º.- Toma de posesión.

1. Os aspirantes que obteñan praza deberán cesar na que desempeñan dentro dos tres días hábiles seguintes a aquel en que se publique a resolución definitiva a que se refire o artigo 8.2.

2. A toma de posesión na nova praza deberá efectuarse dentro dos tres días hábiles seguintes ó do cese, se a praza desempeñada e a adxudicada son da mesma área de Saúde, ou no prazo de quince días hábiles se son de distinta área.

3. Ás prazas adxudicadas son irrenunciabes, salvo que dita renuncia este motivada pola obtención de praza en virtude da resolución dun procedemento de mobilidade voluntaria convocado por outra Administración ou Servizo de Saúde.

4. Entenderase que solicita a excedencia voluntaria por interese particular, e será declarado en tal situación, quen non se incorpore á nova praza obtida.

Non obstante, se existen causas suficientemente xustificadas, así apreciadas, despois da audiencia do interesado, a División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde, poderá deixar sen efecto dita situación. En tal caso o interesado deberá incorporarse ao praza tan pronto desaparezan as causas que no seu momento o impideron.

Artigo 10º. Presentación de novas solicitudes.

1. Non obstante o establecido no artigo 5.3, durante o mes de xaneiro de cada ano de vixencia desta orde, os aspirantes poderán presentar novas solicitudes, que anularán totalmente as anteriores. Igualmente poderán presentar nova solicitude os aspirantes que, de conformidade co establecido no artigo 5.5, desistiran da súa solicitude.

A presentación das novas solicitudes non suporá unha nova valoración dos servizos prestados, que sempre irán referidos ao prazo establecido no artigo 4.1.

2. finalizado o prazo de presentación das novas solicitudes seguirase o procedemento establecido no artigo 7 desta orde. A nova resolución definitiva referirase as vacantes que xurdan a partir do 1 de marzo do ano correspondente.

Artigo 11º. Peche do procedemento.

1. O procedemento establecido nesta orde será seguido pola División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde cada vez que se produza unha nova vacante utilizando a orde de prelación e de preferencia contida na resolución definitiva a que se refire o artigo 7.2. De dita resolución serán excluídos os aspirantes que desistiran da súa solicitude de conformidade co establecido no artigo 5.5.

2. Non poderá adxudicarse nova praza a aqueles adxudicatarios que obtivesen unha praza polo procedemento regulado nesta orde, ata que non transcurra o prazo legalmente establecido en cada caso para poder tomar parte nun procedemento de mobilidade voluntaria.

3. O procedemento regulamentado nesta orde concluirá cando sexan adxudicadas as prazas que queden vacantes dentro dos catro anos de vixencia da mesma.

Disposición derradeira.

A presente orde entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia e terá unha vixencia temporal de catro anos dende a súa entrada en vigor.

A N E X O I

Baremo

1.- Servizos prestados en institucións sanitarias dos servizos de saúde do Sistema Nacional de Saúde:

1.1. Por cada mes de servizos prestados con nomeamento en propiedade na categoría na que se participa: 0.5 puntos por mes completo

1.2. Por cada mes de servizos prestados con carácter temporal na categoría na que se participa: 0.1 puntos por mes completo

A N E X O II

Relación de prazas

A N E X O III

Modelo de solicitude

I N F O R M A

